



**C O N C E L L O**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**ASUNTO:** ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E UN DE NOVEMBRO DE 2019

**EXPEDIENTE:** 2019/G010/000012

**Membros que asisten:**

**Alcalde-Presidente:**

José Antonio Santiso Miramontes

**Concelleiros:**

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

José María Caamaño Nogueira

Luis Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

**Escusan a súa ausencia:**

Fátima Insua López

**Secretario**

Adrián J. Márquez Caramés

**Interventora:**

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás trece horas e trinta e un minutos do día vinte e un de novembro de 2019, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO PARA A 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 1/2019

**PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

3. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 2º TRIMESTRE 2019
4. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 3º TRIMESTRE 2019
5. DECRETOS DA ALCALDÍA
6. ROGOS E PREGUNTAS

**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES**

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente debería consultar aos concelleiros se desexan facer algunha observación á acta de data 21.10.2019 que estaba pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria, a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros presentes aproban a acta.

**2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO PARA A 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 1/2019**

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta correspondente que dí:

**ASUNTO:** Modificación do acordo do pleno para a 2º fase do POS + adicional 1/2019

**EXPEDIENTE:** 2019/G003/000680



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

ANTECEDENTES:

1º.- Polo Pleno do concello de Abegondo de 19 de agosto de 2019 foi aprobado o plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal ( plan único de concellos) “ 2ª fase do Pos + 2019 adicional 1/2019 )

2º.- Pola Deputación provincial a través da plataforma Subtel foi comunicado que o proxecto de urbanización do tramo da Calle a Ferreira, Mabegondo estaba incompleto.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

Logo de ver canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde, de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Modificar o acordo do pleno de data 19 de agosto de 2019 co seguinte resultado:

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimento financeiramente sostibles 2ª fase POS + adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Urbanización de calles na Igrexa, Mabegondo	128.719,36.-	---	128.719,36.-
Urbanización tramo de calle na Ferreria, Mabegondo	66.372,44.-	---	66.372,44.-
Seguridade vial no camiño de Couto a Vilar Meangos (AB-1059,AB-1678) e outros	36.671,66.-	---	36.671,66.-
Reparación de camiños nas parroquias de Abegondo, Meangos, Vios e Folgoso	94.301,52.-	---	94.301,52.-
Total	326.064,98	---	326.064,98

Maior achega provincial asignada ao concello	418.956,34.-
Maior achega provincial aplicada na 1ª fase	92.891,36.-



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Mayor achega provincial aplicada na 2ª fase	326.064,98
---	------------

- 2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. [...]
- 8.- Informar a Deputación provincial que o proxecto da Urbanización do tramo de calle na Ferrería, Mabegondo, esta completo e subido a plataforma Subtel
- 9.- O acordo modificado non afecta á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica.
- 10.- Elevar este decreto ao pleno da corporación para a súa ratificación plenaria
- 11.- Dar traslado da presente resolución
- 12.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Logo da explicación por parte do alcalde-presidente na que se indica que este cambio é por motivos formais de que non entrou a segunda parte do proxecto na plataforma , procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

<p><b>Votos a favor: 9</b> (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)</p> <p><b>Abstencións: 3</b> (Roberto Gómez Lesta, Francisco Javier Rodríguez Souto e María Ángeles Vilas Pedreira)</p> <p><b>Votos en contra: 0</b></p>
---

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

## PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

### 3.DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 2º TRIMESTRE 2019

Polo alcalde-presidente dáse conta da información trimestral do 2º trimestre 2019.

### 4. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 3º TRIMESTRE 2019

Polo alcalde-presidente dáse conta da información trimestral do 3º trimestre 2019.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## 5. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

## 6. ROGOS E PREGUNTAS

**Roberto Gómez Lesta:** Actividades do camiño inglés, no trail nocturno e vermeled hai un gasto total de 24.900 € e a subvención de 11.000€. Paréceme bastante para estas dúas actividades.

**Alcalde-presidente:** Que se analice, secretario o tema dos gastos cun informe de cultura e deportes, a mín tamén paréceme bastante.

**Luis Constante Freire Pérez de Juan:** O tema do Vermeled ten moito material tecnolóxico.

**Roberto Gómez Lesta:** O tema do convenio co Dépor, ¿cómo está?

**Alcalde-Presidente:** Estamos en negociacións, os termos achegados polo clube non eran do noso agrado e se está a estudar a posibilidade de compartir campos ou usos.

**Roberto Gómez Lesta:** ¿Vai facerse a feira en San Marcos ou arriba?

**Alcalde-Presidente:** Vaise para arriba. Trasládouse para aquí pola petición duns empresarios, dúas tiveron moito éxito e a idea é que non se faga todos os meses e no mesmo sitio de sempre. Estamos valorando as posibilidades.

**Roberto Gómez Lesta:** Nós estamos de acordo en que se volva a facer arriba outra vez e tamén en que non se faga tódolos meses. O segundo fin de semana cadra con Vilaboa.

**Alcalde-presidente:** Eu opúxenme a iso, pero non estaba de alcalde cando se fixo, por iso hai que valorar o tema das datas.

**Roberto Gómez Lesta:** Camiño inglés en Vilacoba, ¿pódese facer algo para que se retome o trazado?

**Alcalde-presidente:** Vaise contratar a ruta cultural dos amilladoiros e na asociación do camiño inglés se busca que haxa unha alegación conxunta con informes técnicos.

**Luis Constante Freire Pérez de Juan:** Faltan dous concellos por unirse, en todo caso se quere facer este informe e envialo á Xunta.

**Roberto Gómez Lesta:** Eu lle pido ao alcalde que se reúna con Patrimonio o u a Xunta e vexa a aver qué se pode facer.

**Alcalde-presidente:** Créame que xa o fixen, movín “Dios con Roma” para pedir a variante Leiro Vilacoba, tampouco tén sentido en Meangos cando antes ía por unha corredeira e agora vai pola estrada da Deputación. Se basean nun informe de expertos.

**Roberto Gómez Lesta:** Actividade receita saludable

**Gustavo Manuel Quindimil Gómez:** Tén un custe de 25€ e hai nutricionista e licenciado en INEF. As actividades que te recomenden están incluídas. É unha iniciativa que tén moita aceptación e xa foi a técnico de Deportes a dar unha charla en Ourense e tamén a concelleira Laura Calvo tratou o tema nun congreso de médicos en Madrid.

Como nota Final o alcalde presidente convida a unirse á proposta da receita deportiva e indica que a partires do un de xaneiro él comeza con ingles e a receita deportiva,

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás trece horas e cincuenta e nove minutos do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario dou fe.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO  
DE  
ABEGONDO  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

O alcalde-presidente  
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario  
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.